

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que, con data 2 de xuño de 1991 a Comunidade de San Xoan de Poio adoptou, en Asamblea Xeral, o acordo de suscribir un Convenio coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para as 16 Hás. da súa pertenza no monte "MONTECELO".

2º.- Que, o estado forestal do monte é:

superficie arbolada	14 Hás.
superficie rasa	2 Hás.
Superficie total	16 Hás.

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

UNICO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTECELO"
Elenco: 3615056
Superficie: 16 Hás.
Pertenza: Comunidade de San Xoan
Concello: Poio
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%
Saldo inicial da conta: 0.- Pts.

No obstante V.E. resolverá.


Santiago de Compostela, 29 de novembro de 1991.

Vo. Re.
O DIRECTOR XERAL
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
E DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL



Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

O SUBDIRECTOR XERAL DE
MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES



Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

EXCMO. SR. CONSELLERO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

ILMO. SR. :

Visto o expediente relativo á sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de San Xoan, propietaria do monte veciñal en man común "Montecelo", do concello de Poio infórmolle do que segue:

Procede a aprobación do devantido convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento; e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sin aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto. Asimesmo, axústase ó disposto na Lei de Galicia 13/1989 de montes veciñais en man común.

Santiago, a 29 de novembro de 1991

O XEFE DA SECCION XURIDICA,



[Signature]
José Lago García

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Visto o informe da Sección Xurídica da Dirección Xeral de montes e Medio Ambiente Natural, e a proposta da mesma, con esta data RESOLVIN:

UNICO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTECELO"

Elenco: 3615056

Superficie: 16 Hás.

Pertenza: Comunidade de San Xoan

Concello: Poio

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da propiedade no vó creado: 70%

Participación da Consellería no vó creado: 30%

Saldo inicial da conta: 0.- Pts.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1991.

O CONSELLEIRO
(ORDE 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TECNICO,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

DIRECCION GENERAL DE LO FORESTAL Y DEL MEDIO AMBIENTE NATURAL

CONVENIO

N.º	36	15056
-----	----	-------

Comunidad: SAN XOANAyuntamiento: POIOProvincia: PONTEVEDRA

Este Convenio se establece al amparo de lo previsto en los artículos 24º y 49º al 56º y 58º del Real Decreto 1.279/1978, que aprueba el Reglamento para la aplicación de la Ley sobre Fomento de Producción Forestal complementados con los pertinentes de la Ley de Montes Vecinales de Mano Común y Reglamento para la aplicación de la misma y con el Decreto 69/1984, de 23 de Marzo, de la Xunta de Galicia.

Se regirá por las cláusulas que a continuación se consignan.

1.ª El Convenio tiene por objeto:

- La repoblación forestal de los terrenos que se describen en la cláusula segunda, la conservación y tratamiento selvícola de las masas que se creen, el aprovechamiento de las mismas y los trabajos de mejoras del monte.
- La conservación, tratamiento selvícola y aprovechamiento del arbolado preexistente y que continuará perteneciendo a la comunidad propietaria (táchese si no existiese).
- Las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con los anteriores fines.

2.ª Los terrenos a los que el presente Convenio afecta pertenecen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de San Xoan de Poio. y son los que se describen a continuación:

Denominación: "Montecelo"

Situación administrativa y legal: Mon veciñal en man común

Límites: N: Parroquia de Campañó e fincas particulares.

E: Parroquia de Campañó.

S: Fincas particulares.

O: Fincas particulares.

Superficie: 16 Has.

Estado Forestal: 14 Has. de Eucaliptus glóbulus

Con arbolado perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo: 14 Has.

Sin vegetación arbórea: 2 Has.

Servidumbres: Ninguna

3.^a El suelo continuará perteneciendo a Comunidade de Xan Xoan de Poio.

que aporta al Convenio:

a) Los terrenos descritos en la cláusula segunda.

b) El arbolado de su pertenencia existente en los mismos que se citan en la cláusula segunda (táchese si no existiese).

4.^a La Consellería de Agricultura, aporta al Convenio las cantidades necesarias para cubrir los gastos a que dará lugar la ejecución del mismo. En la correspondiente cuenta de gastos, el 50 por ciento se contabilizará en concepto de subvención. El restante 50 por ciento como anticipo reintegrable al interés 1 % del Banco de España.

5.^a Las propuestas o proyectos necesarios para el desarrollo de las finalidades consignadas serán aprobados por la Dirección General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural, de la Consellería de Agricultura.

6.^a De los ingresos obtenidos en cada aprovechamiento del arbolado creado durante la vigencia del Convenio, la Consellería de Agricultura se reservará el 30 por ciento y entregará el 70 por ciento restante a la Comunidad propietaria.

De los ingresos obtenidos en los aprovechamientos del arbolado preexistente en el monte y por tanto perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo, la Consellería de Agricultura, recibirá el 15 por ciento y la Comunidad propietaria el 85 por ciento restante.

Si como consecuencia de la ejecución de un aprovechamiento la participación de la Consellería de Agricultura excediera del saldo acreedor existente en ese momento, en concepto del anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, se entregará el exceso a la Comunidad propietaria.

Los ingresos obtenidos de los restantes aprovechamientos, que se realizarán previa conformidad de la Comunidad propietaria, y que estarán subordinados en cuanto a su localización, época y cuantía, a las necesidades de la repoblación y conservación del suelo, corresponderán al titular del suelo.

7.^a En el caso de incendio el Servicio de lo Forestal Provincial de la Consellería de Agricultura procederá al aprovechamiento del vuelo existente en el terreno siniestrado distribuyendo el importe que se obtenga con arreglo a las normas establecidas en el Convenio y a la restauración de la masa arbórea en las mismas condiciones económicas que el Convenio establece para el resto de los trabajos.

8.^a El presente Convenio, para su pleno funcionamiento y eficacia a todos los efectos como título auténtico, deberá ser suscrito por los representantes autorizados de ambas partes, figurando en el mismo certificación del acuerdo de la Junta de Comunidad, con el "quorum" reglamentario, en el que se designe la persona autorizada a efectos de la firma del Convenio.

Hasta que tenga lugar la devolución del anticipo de la Consellería de Agricultura asumirá la posesión del vuelo creado en virtud del antiguo Consorcio o que se cree, estableciéndose un derecho real de garantía sobre el mismo, que sin más requisitos que el contrato administrativo, será inscribible en el Registro de la Propiedad.

9.^a La duración de este Convenio será por un período de25..... años.
Transcurrido dicho período y si la Consellería de Agricultura con su participación en beneficios que se consigna en el primer párrafo de la cláusula sexta, hubiere cubierto su saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido el Convenio, reintegrándose el suelo y las existencias que sustentare a la plena posesión de la Comunidad propietaria.

En caso contrario, se prorrogará el Convenio automáticamente hasta que el resarcimiento tenga lugar.

En el caso de que el saldo acreedor de la Consellería de Agricultura se hubiera cubierto antes de que transcurra el plazo de duración del Convenio, se considerará este tácitamente renovado, de no existir manifestación expresa de una de las partes.

En cualquier momento podrá cancelarse el Convenio previo abono a la Consellería de Agricultura del saldo pendiente.

La extinción del Convenio lleva consigo el que la totalidad del vuelo existente acceda al titular de la propiedad del suelo, con exención del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados.

10.^a Todas las mejoras realizadas en el monte, tales como caminos, construcciones, etc., quedarán a beneficio del titular del suelo al extinguirse el Convenio. Sin embargo los caminos y otras obras de interés general quedarán gravados con una servidumbre de uso a favor de la Consellería de Agricultura si ésta lo precisare.

11.^a La especie a utilizar para la repoblación forestal objeto de este Convenio será género pino, con algún bosque de frondosas autóctonas, según planeas anuales de trabajo

12.^a El Convenio tendrá carácter administrativo y todas las cuestiones que surjan acerca de su cumplimiento, rescisión, ejecución e interpretación, corresponderán a la jurisdicción administrativa de la Consellería de Agricultura y dentro de la misma se resolverán por el Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural.

Contra estos acuerdos se podrá recurrir en alzada ante la Consellería de Agricultura en el plazo de quince días hábiles, cuya resolución pondrá fin a la vía administrativa, pudiendo entablarse contra ella recurso contencioso-administrativo.

Don Francisco José Gómez Vaamonde Secretario de la
Junta de Comunidad de San Xoan de Poio

CERTIFICO: Que las cláusulas que anteceden han sido aprobadas por esta
Comunidad, cumpliéndose el requisito del «quorum» legal en Junta
General celebrada el día 2 xuño 1991 designándose a
Agustín Cancela Pérez



como representante de esta Junta a efectos de la firma del Convenio.

Y para que conste, expido la presente Certificación en Poio
a 10 de outubro de mil novecientos noventa
e un.

EL SECRETARIO,

V.º B.º

El Presidente



Fdo.: **Francisco José Gómez Vaamonde**

Fdo.: **Agustín Cancela Pérez**


D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ Director
General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural de la Consellería de Agricultura de la Xunta
de Galicia, da su conformidad a las Bases del presente Convenio y propone su firma.



A la vista de la anterior propuesta se firma el presente Convenio en Santiago de Compostela
a 2 de diciembre de 19 91.

Por la propiedad,

O Presidente,



Por la Consellería de Agricultura,

O CONSELLEIRO

(ORDE 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TECNICO,



Asdo.: **Antonio Luis Rosón Pérez.**



En relación coa solicitude de rescisión total do convenio do monte "Montecelo" 3615056, presentada en data 03/11/2010 pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán, Poio, Pontevedra, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Que o monte foi clasificado a favor dos veciños de San Xoán de Poio, Poio, segundo resolución do Xurado Provincial de Montes de data 19 de novembro de 1981, cun total de 743 ha.

2º.- Que o 02/12/1991, resólvese a aprobación do convenio denominado "Montecelo" co número 3615056 de 16 ha coa mesma comunidade.

3º.-Que, segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

4º.- Que, a duración do presente convenio asinouse por un período de 25 anos mais segundo o cuarto parágrafo da novena cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

5º.- Que, o saldo do convenio a data de hoxe é de 0,00 €.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1º.- Que se aprobe a rescisión das 16 ha do convenio 3615056, denominado "Montecelo" da pertenza da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán, Concello Poio, Pontevedra, sen que por parte da comunidade se teña que reintegrar cantidade ningunha.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2010

O director Xeral de Montes



Tomas Fernández Couto Juanas

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes relativo a rescisión do Convenio nº 3615056 do monte "Montecelo" propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán (Poio-Pontevedra). cunha superficie actual de 16 has, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.-Que a citada Comunidade o 02/12/1991 subscribiu un convenio para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, etc...

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Agricultura interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinalase que o convenio será por un período de 25 anos. Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consegue na cláusula 6ª cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula 4ª quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que substantase á plena posesión do seu titular. En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 318/2009, correspóndelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

2.- Con data 03/11/2010, preséntase a certificación do secretario de data 27/09/2010, do acordo da Asemblea da Comunidade de montes veciñais de 19/11/2000 de rescindir o convenio.

3.- A contabilidade do Convenio presenta un saldo debedor de cero.

4 - O Servizo de Montes de Pontevedra no seu informe de data 19/11/2010, propón:

Que se aprobe a rescisión das 16 has. do monte "Montecelo" propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán, concello de Poio, sen que por parte da comunidade deba reintegrar ningunha cantidade.

A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución:

Que se aprobe a rescisión das 16 has do convenio 3615056, denominado "Montecelo" da pertenza da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán, Concello de Poio, Pontevedra, sen que por parte da comunidade se teña que reintegrar ningunha cantidade.

4.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión do convenio nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro, se ben dado o tempo transcorrido (10 anos) dende a data do acordo 19/11/2000 ata a súa presentación o 03/11/2010, debería asegurarse da certeza de tales acordos e datas.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2010

O letrado asesor

Juan José Lois Barcia



SECRETARÍA XERAL DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo de Montes de Pontevedra.

RESOLVO:

1º.- Aprobar a rescisión das 16 ha do convenio 3615056, denominado “Montecelo” da pertenza da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Xoán, Concello Poio, Pontevedra, sen que por parte da comunidade se teña que reintegrar cantidade ningunha.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2010

O conselleiro



Samuel Jesús Juárez Casado